

1. CONTEXTUALIZACIÓN/XUSTIFICACIÓN

TÍTULO	A nosa prehistoria
ÁREAS QUE SON TRABALLADAS	Áreas de Coñecemento, Linguas Castelá e Galega, Educación Artística e Educación Física

CONTEXTO EDUCATIVO	CEIP “Pedro Antonio Cerviño”	CICLO	3º
		NIVEL	2º
AUTORES E PROFESORADO QUE A PON EN PRACTICA	Mestres/as de Sexto: Linguas Castelá/Galega, Coñecemento do Medio, Plástica e Música.		

TEMPORALIZACIÓN	FECHA DE INICIO	Abril de 2014
	FECHA DE FIN	Xuño de 2014

DESCRIPCIÓN DA UDI	Elaboración dun proxecto sobre “A prehistoria en Galicia” que comprende tres tarefas: situación espacial e temporal, conceptos xerais, pegadas e restos materiais; recreación dunha “xornada nun poboado paleolítico” e “a música na prehistoria.”
XUSTIFICACIÓN DA UDI	Realización dun proxecto de centro sobre a prehistoria. A aula de sexto investigamos e traballamos as tarefas citadas.
VINCULACIÓN CON OUTRAS UDI (conxunto dunha programación, continuidade con outras UDI)	Dentro do proxecto de centro “A Prehistoria”, cada aula/grupo traballa diferentes aspectos do tema en outros tantos proxectos para lograr un produto final de centro que se exporá a final de curso nunha xornada de “portas abertas”.

2. DESEÑO E CONCRECIÓN CURRICULAR

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
<p>Comprender o concepto de historia e de fonte histórica.</p> <p>Coñecer as idades nas que dividimos a historia e os períodos da prehistoria de Galicia.</p> <p>Coñecer a duración aproximada dos catro grandes períodos da prehistoria de Galicia, destacando os modos de vida do Paleolítico e do Neolítico coa aparición da agricultura e a gandería.</p> <p>Coñecer a cronoloxía, os restos e as zonas de ocupación dos habitantes da Prehistoria en Galicia.</p> <p>Coñecer as súas principais manifestacións culturais e artísticas.</p> <p>Favorecer o desenvolvemento de técnicas para analizar, organizar e relacionar a información.</p> <p>Utilizar de xeito creativo e responsable as TIC e o material relacionado coa experimentación e co traballo de campo para aprender a aprender.</p>	<p>As fontes da historia e o cómputo do tempo.</p> <p>Duración e características máis destacadas da Prehistoria en Galicia.</p> <p>Cronoloxía, zonas de ocupación, manifestacións culturais e artísticas deste período, diferenciándoo do resto da Península.</p> <p>Análise dos modos de vida dos homes e mulleres da prehistoria galega: núcleos de ocupación, sociedade, alimentación, vestidos, materiais, útiles, armas, obxectos...</p> <p>Vestixios materiais existentes en territorio galego e, sobre todo, na bisbarra e no entorno próximo.</p>	<p>Indicar que é a Historia e cales son as principais fontes históricas</p> <p>Indicar cando comeza e remata e cales son os períodos en que se divide a Prehistoria en Galicia.</p> <p>Obter información para identificar características da sociedade de épocas pasadas e sitúa os feitos relevantes utilizando liñas do tempo, cronogramas, diferentes tipos de fontes (orais, escritas, dixitais, patrimoniais...)...</p> <p>Elaborar mapas, planos, maquetas e esquemas sinxelos como medio de análise.</p> <p>Sinalar os restos e as zonas de ocupación dos habitantes da Prehistoria en Galicia.</p> <p>Indicar as principais manifestacións culturais (petroglifos, mámoas,...) deste período na súa bisbarra.</p>	<p>CIMF</p> <p>CPAA</p> <p>CM</p> <p>CAIP</p> <p>CIMF</p> <p>CCYA</p> <p>CPAA</p> <p>CCA</p> <p>CIMF</p> <p>CPAA</p> <p>CPAA</p> <p>CAIP</p> <p>CL</p>	<p>Ten unha idea clara do tempo histórico e sabe identificar e poñer exemplos de fontes históricas.</p> <p>Elabora e interpreta eixos cronolóxicos e liñas do tempo en referencia a Prehistoria de Galicia.</p> <p>Traballa con unidades de tempo: milenios, séculos, anos, décadas...</p> <p>Identifica restos, usos, costumes, actividades, ferramentas... como indicadores de formas de vida de épocas prehistóricas concretas.</p> <p>Interpreta representacións gráficas do espazo e elabora planos, mapas, maquetas, gráficos e esquemas como un medio para analizar elementos do territorio e comunicar os resultados desas observación e interpretacións.</p> <p>Distingue, identifica e sitúa, unha cronoloxía aproximada, os principais vestixios arqueolóxicos galegos: monumentos megalíticos, petroglifos, castros...</p> <p>Realiza unha presentación ordenada, clara e limpa do traballo e colabora nas diferentes fases do proceso de elaboración.</p> <p>Planifica e realiza un sinxelo traballo de investigación.</p>

ÁREAS DAS LINGUAS CASTELÁ E GALEGA				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CCBB	INDICADORES DE LOGRO
<p>Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.</p> <p>Utilizar a lingua oral de xeito adecuado adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.</p> <p>Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.</p> <p>Facer uso dos coñecementos sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.</p> <p>Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da informa-</p>	<p>Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender a informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos, publicitarios, programas, ...)</p> <p>Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas, e tipografía.</p> <p>Esquematzación da información relevante dun texto.</p> <p>Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.</p> <p>Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas...) e revisión como parte do proceso escritor.</p> <p>Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de desfrute persoal, de resolución de problemas...</p> <p>Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.</p> <p>Uso dirixido das tecnoloxías da</p>	<p>Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, xornais, revistas, documentos e publicacións diversas).</p> <p>Amosar interés e iniciativa pola investigación e a busca de información.</p> <p>Participar en situacións comunicativas (conversa, asamblea, debate...) respectando as normas.</p> <p>Detectar e comprender a información escrita, realizando inferencias directas sobre o aseo contido.</p> <p>Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar, diálogos ..., usando o máis adecuadamente posible estratexias de planificación, de textualización e de revisión e empreñando soportes variados, incluíndo os dixitais.</p> <p>Aplicar axeitadamente as normas ortográficas e de puntuación en textos escritos e expresarse oralmente de forma correcta.</p>	<p>CCL</p> <p>CDTI</p> <p>CPAA</p> <p>CAIP</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CAIP</p> <p>CCL</p> <p>CDTI</p> <p>CPAA</p> <p>CPAA</p> <p>CAIP</p> <p>CCL</p>	<p>Localiza información nos textos lidos.</p> <p>Realiza inferencias da lectura.</p> <p>Planifica o texto.</p> <p>Revisa e corrixe (a través do borrador)</p> <p>É autónomo na busca de información.</p> <p>Realiza traballos sinxelos de investigación.</p> <p>Participa en debates e respecta as normas.</p> <p>Interpreta e comprende correctamente o lido</p> <p>Produce e reescribe distintos tipos de textos.</p> <p>Realiza con corrección textos narrativos, descriptivos e diálogos.</p> <p>Emprega adecuadamente soportes dixitais.</p> <p>Aplica adecuadamente as normas ortográficas e de puntuación.</p>

<p>ción e da comunicación para obter, interpretar e valorar información e opinións diferentes.</p> <p>Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e pracer de ler, así como para a obtención de información variadas.</p> <p>Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.</p>	<p>información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.</p> <p>Uso progresivamente autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección informática.</p> <p>Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.</p> <p>Adquisición dun vocabulario de termos históricos e prehistóricos en galego e castelán</p>	<p>Usar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación, así como programas informáticos básicos e procesadores de textos.</p> <p>Usar as bibliotecas de aula e do centro, así como os seus diferentes departamentos con autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.</p> <p>Manexar e adquirir un glosario de termos históricos e utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos.</p>	<p>CPAA</p> <p>CSC</p> <p>CAIP</p> <p>CDTI</p> <p>CSC</p> <p>CAIP</p> <p>CAIP</p> <p>CSC</p> <p>CPAA</p> <p>CDTI</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CAIP</p>	<p>Exprésase e comunícase de forma correcta.</p> <p>Usa axeitadamente as tecnoloxías da información e comunicación como medio para informarse e realizar os seus traballos.</p> <p>Usa a biblioteca para buscar información e colabora e participa na súa organización.</p> <p>Conta cun vocabulario variado e acorde co seu nivel.</p>
---	---	---	--	---

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INDICADORES E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS QUE SE TRABALLAN NA UNIDADE

CRITERIOS AVALIACIÓN	INDICADORES	COMPETENCIAS BÁSICAS							
		CCLI	CMAT	CIMF	TICD	CCYA	CSYC	CPAA	CAIP
Indicar que é a prehistoria e as fontes históricas	Distingue prehistoria e historia	X		X			X		
	Pon exemplos de fontes históricas	X		X					
Coñecer os límites da prehistoria en Galicia e os períodos que abrangue	Elabora e interpreta liñas de tempo e eixos cronolóxicos e traballa con unidades de tempo: milenios, séculos, anos, décadas...	X	X		X	X		X	
Identificar características e os modos de vida das sociedades dos diferentes períodos da prehistoria.	Identifica e data axeitadamente restos, usos costumes, actividades, ferramentas,...	X		X			X		
	Distingue Paleolítico, Neolítico, I. de Bronce e I. de Ferro	X							
Sinalar os restos e as zonas de ocupación dos habitantes da prehistoria en Galicia e, sobre todo os da bisbarra.	Elabora planos, mapas, gráficos...	X	X	X	X	X		X	X
	Elabora un esquema que reflicten estes datos	X			X			X	X
.Indicar as principais manifestacións culturais :petroglifos, mámoas, dolmens... Utiliza as TIC e o material relacionado coa experimentación	Sitúa cronoloxicamente vestixios prehistóricos	X		X					
	Distingue e identifica petroglifos, dolmens, mámoas...	X		X					
	Realiza unha presentación clara e limpa do traballo e colabora nas diferentes fases do proceso.	X			X		X	X	X

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA. ACTIVIDADES E EXERCICIOS. METODOLOXÍA

TAREFA 1 : Investigamos sobre a Prehistoria en Galicia.

ACTIVIDADES	EXERCICIOS	
<p>ACTIVIDADE 1: <i>Investigar os aspectos seguintes: Situación e extensión cronolóxica, diferencias co resto da Península e períodos que se distinguen, formas de vida durante cada un destes períodos (nomadismo e sedentarismo, lugares de habitación, sociedade, alimentos, vestidos, materiais, tipos de obxectos, útiles, armas, ...</i></p>	<p>1.1. Realizar unha liña do tempo de inicio e fin da prehistoria en Galicia e os períodos que abrangue.</p> <p>Exercicio 1.3. Expresar en anos diferentes períodos de tempo: milenios, séculos, décadas...</p>	<p>1.2. Fai unha táboa comparativa das formas de vida durante o Paleolítico e o Neolítico.</p> <p>1.4. Calcular número de anos entre datas puntuais da historia e prehistoria; a. Cto e d. Cto.</p>
<p>ACTIVIDADE 2: <i>Investigar como chegamos a coñecer un pasado de hai miles de anos: a) O traballo dos arqueólogos e as fontes históricas. b) Monumentos megalíticos, mámoas, petroglifos...c) As teorías sobre o significado, utilidade e finalidade destas construccions.</i></p>	<p>2..1. Poñer exemplos de cada unha das fontes históricas.</p> <p>2.3. Reprodución dun petroglifo</p> <p>2.5. Describe imaxes, reproducións, fotos... prehistóricas.</p> <p>3.1. Explica como cres que se construíron os dolmens.</p>	<p>2.2 Debuxo de antas en planta e alzado.</p> <p>2.4. Narra algunha historia ou lenda que se conte sobre o lugar.</p> <p>3.2. Realiza un mapa de Galicia indicando as zonas de concentración de petroglifos, castros, dolmens, mámoas...</p>
<p>ACTIVIDADE 3: <i>As pegadas e vestixios materiais da prehistoria en territorio galego: a) Restos atopados. b) Tipos. c) Lugares. d) Sualos cronoloxicamente no período correspondente.</i></p>	<p>4.1. Realiza unha ficha de investigación do monumento visitado</p>	<p>4.2. Inventa unha historia relacionada co monumento.</p>
<p>ACTIVIDADE 4: <i>Visita real a un vestixio da localidade ou virtual a un museo arqueolóxico: Lapa de Gargantás (Moraña), Castro Landín (Cuntis), Petroglifos de Campo Lameiro, Marín, Tourón...), Castro de Penalba (Campo Lameiro), Dolmen de Axaeitos (Riveira) ou Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro.</i></p>		

<i>METODOLOXÍA</i>			
<i>ESCENARIOS</i>	<i>AGRUPAMENTOS</i>	<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>RECURSOS</i>
AULA DE SEXTO, BIBLIOTECA DO CENTRO. BIBLIOTECA PÚBLICA, AULA DE INFORMÁTICA, PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO	TRABALLO INDIVIDUAL, TRABALLO EN EQUIPO (3), DINÁMICAS COOPERATIVAS COMBINADAS CON PROPOSTAS DOS/AS MESTRES/AS.	INICIO: ABRIL 2014 FINAL: XUÑO 2014	MATERIAIS: Publicacións, cader-nos editados polo concello, libros de texto, persoais (enquisas e relatos de persoas do entorno, contos, lendas, cantigas, tradicións...) materiais dixitais (televisión, videos, documentais...), comics, ...
<i>MODELOS DE ENSINANZA</i>		<i>PROCESOS COGNITIVOS</i>	<i>PERSOAL IMPLICADO</i>
MODELO COGNITIVO, APRENDIZAXE COOPERATIVA, TRABALLO POR PROXECTO, COMUNIDADES DE APRENDIZAXE...		PENSAMENTO REFLEXIVO, ANALÓXICO, CREATIVO, INTUITIVO, ...	PROFESORADO, ALUMNADO, PER-SOAL DA BIBLIOTECA PÚBLICA, PAIS/NAIS E, EN XERAL, TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.

4. AVALIACIÓN: RÚBRICA DE CONTIDOS DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/COMPETENCIAS	4 Sobresafnte	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
Coñecer que é a prehistoria, as fontes históricas, duración e límites en Galicia, períodos que abrangue e identificar as características e os modos de vida das sociedades dos diferentes períodos da prehistoria.	<p>Distingue prehistoria e historia e pon exemplos de fontes históricas.</p> <p>Elabora e interpreta liñas do tempo e eixos cronolóxicos e traballa con unidades como eras, milenios, sécalos, lustros, anos...</p> <p>Idéntifica e data axeitadamente restos, usos, costumes, actividades ferramentas..</p> <p>Distingue as etapas prehistóricas</p>	<p>Coñece e interpreta o feito histórico e prehistórico, domina a elaboración e interpretación de eixos cronolóxicos e liñas de tempo, identifica as sociedades e usos dos diversos períodos e distingue as etapas prehistóricas.</p> <p>Rexistra e amplía información.</p>	<p>Mostra moito interés nos contidos históricos e recoñece as manifestacións culturais de cada período.</p> <p>Busca información de forma autónoma.</p>	<p>Mostra interese polo feito histórico e recoñece algunhas características das manifestacións culturais.</p>	<p>Non mostra interese nin recoñece as mostras históricas.</p>
Sinalar os restos, pegadas e zonas de ocupación dos habitantes da prehistoria en Galicia e, sobre todo, os da súa bisbarra.	<p>Elabora mapas, planos, gráficos e esquemas que reflecten estes datos.</p> <p>Sitúa cronoloxicamente vestixios prehistóricos.</p>	<p>Sinala e localiza os restos prehistóricos, facendo reproducións, esquemas, planos...e sitúa cronoloxicamente cada un deles.</p>	<p>Distingue e coñece os vestixios prehistóricos e sabe situalos no seu período.</p>	<p>Coñece os principios restos prehistóricos da súa bisbarra .</p>	<p>Non recoñece mostras prehistóricas.</p>
<p>Indicar as principais manifestacións culturais: petroglifos, mámoas, dolmens en Galicia e o seu entorno.</p> <p>Utilizar as TIC e diverso material bibliográfico para a investigación.</p>	<p>Distingue e identifica os diferentes monumentos megalíticos, petroglifos, castros... e coñece as súas características e funcionalidade.</p> <p>Realiza unha presentación clara e limpa do traballo e colabora nas diferentes fases do proceso e traballa en equipo.</p>	<p>Distingue e describe axeitadamente as características dos poboados prehistóricos, monumentos, arte, situación e significado.</p> <p>Rexistra os resultados da súa investigación e traballa ben individualmente e en equipo.</p>	<p>Identifica restos, costumes; actividades, ferramentas..., a partir da información recabada e sabe situalos nunha liña do tempo.</p> <p>Participa e colabora co equipo.</p>	<p>Sitúa algunhas manifestacións culturais e vestixios prehistóricos, sobre todo da súa localidade.</p> <p>E quen de buscar información.</p>	<p>Non busca información de forma autónoma.</p> <p>Non recoñece nin sitúa feitos e vestixios prehistóricos.</p>

RÚBRICA DE CONTIDOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA/CASTELÁ

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/COMPETENCIAS	4 Sobresafnte	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
<p>Seleccionar información en textos escritos en soportes variados: webs, libros, publicacións diversas...</p> <p>Amosar interés pola investigación e a busca de información.</p>	<p>Localiza información nos textos lidos.</p> <p>Realiza inferencias da lectura.</p> <p>Planifica o texto.</p> <p>Revisa e corrixe (a través do borrador)</p> <p>É autónomo na busca de información</p> <p>Realiza traballos sinxelos de investigación</p>	<p>Localiza información en soportes varios, planificando e correxindo.</p> <p>É autónomo e realiza traballos de investigación.</p>	<p>Localiza información de forma autónoma.</p> <p>Amosa interese pola investigación.</p>	<p>Localiza algunhas informacións con axuda e mostra pouco interés.</p>	<p>Non localiza información e tampouco mostra interés pola investigación.</p>
<p>Participar en situacións comunicativas (conversa, assemblea, debate...) respectando as normas.</p> <p>Detectar e comprender a información escrita e realizar inferencias sobre o seu contido.</p>	<p>Participa en debates e respecta as normas.</p> <p>Interpreta e comprende correctamente o lido</p>	<p>Participa en debates de forma moi activa e sempre respecta as normas.</p> <p>Interpreta e comprende a información escrita e é quen de extraer conclusións e inferencias.</p>	<p>Participa en conversas e asembleas manifestando opinións propias.</p> <p>Comprende a información e realiza inferencias.</p>	<p>Participa en situacións comunicativas ocasionalmente.</p> <p>Comprende a información con axuda verbal ou visual.</p>	<p>Non participa en situacións comunicativas e se o fai ocasionalmente non respecta as normas.</p> <p>Non é quen de comprender a información escrita.</p>
<p>Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar, diálogos...e empregando soportes variados, incluíndo os dixitais.</p>	<p>Produce e reescribe distintos tipos de textos.</p> <p>Realiza con corrección textos narrativos, descriptivos e dialogados.</p> <p>Emprega adecuadamente soportes dixitais.</p>	<p>Produce distintos tipos de texto a partires doutros e de creación propia, con criterio e corrección.</p> <p>Emprega habitualmente os soportes dixitais. .</p>	<p>Produce textos a partir de modelos dados e tamén orixinais, planificando e revisando.</p> <p>Emprega soportes dixitais.</p>	<p>Realiza textos de xeito guiado e a partires de modelos dados. Con axuda pode planificar, pero non planifica e comete erros.</p> <p>Apenas emprega soportes dixitais.</p>	<p>Non ten estratexias de planificación nin de revisión de textos.</p> <p>Non utiliza os soportes dixitais.</p>

ASPECTOS A VALORAR	INDICADORES/ COMPETENCIAS	4 Sobresafnte	3 Notable	2 Suficiente	1 Insuficiente
.Aplicar axeitadamente as normas ortográficas e de puntuación e expresarse oralmente de forma correcta.	Aplica adecuadamente as normas ortográficas e de puntuación. Exprésase e comunícase de forma correcta.	Aplica adecuadamente sempre as normas ortográficas e de puntuación. Exprésase de forma correcta.	Aplica case sempre as normas ortográficas e de puntuación e exprésase correctamente.	Precisa axuda ocasional para aplicar as normas ortográficas e de puntuación con corrección.	Non aplica as normas ortográficas e de puntuación e cóstalle expresarse oralmente.
Usar axeitadamente as tecnoloxías da información así como programas informáticos básicos e procesadores de texto.	Usa axeitadamente as tecnoloxías da información e comunicación como medio para informarse e realizar os seus traballos.	Usa axeitadamente as tecnoloxías da información e comunicación de forma habitual e diversos programas informáticos.	Utiliza as tecnoloxías da información e algúns programas informáticos.	Necesita axuda coas tecnoloxías da información pero mostra interese por usalas.	Non utiliza as tecnoloxías da información nin mostra ningún interés por usalas.
Usar as bibliotecas de aula e do centro con autonomía e comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora	Usa a biblioteca para buscar información e colabora e participa na súa organización	Usa a biblioteca para buscar información e colabora activamente na súa organización, coidado e mellora.	Usa os medios dispoñibles na biblioteca para buscar información.	Utiliza a biblioteca de forma ocasional e precisa, ás veces, axuda.	Non utiliza nin mostra interés por usar a biblioteca para ler e buscar información.
Manexar e adquirir un glosario de termos históricos e utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básicas.	Conta cun vocabulario variado e acorde co seu nivel.	Conta cun glosario de termos históricos e utiliza terminoloxía lingüística e gramatical axeitadas.	Conta cun vocabulario axeitado e acorde co seu nivel.	Posúe un limitado vocabulario para expresarse e comunicarse de forma fluída.	Non posúe un vocabulario básico para expresarse correctamente.

MOMENTOS DA AVALIACIÓN		
<p>AVALIACIÓN INICIAL</p> <p>Realízase de forma xenérica ao comezo da UCI e está recollida na serie de preguntas realizadas polos diferentes compoñentes dos equipos sobre o tema “A prehistoria en Galicia” no apartado “Que sabemos”.</p>	<p>AVALIACIÓN CONTÍNUA</p> <p>Realizouse ao longo do proceso, tendo en conta as características dun proxecto de traballo en equipos cooperativos.</p>	<p>AVALIACIÓN FINAL</p> <p>Á finalización da tarefa lévase a cabo a avaliación do alumnado, do docente e do proceso e posta en práctica do proxecto.</p>
<p>ESTRATÉXIAS/TÉCNICAS DE AVALIACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática - Diálogos grupais e de equipo. - Visionado de vídeos e presentacións sobre o tema. - Exposicións orais <p>INSTRUMENTOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rúbricas - Probas - Rexistros 	<ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática - Rúbricas de cada área. - Mural de investigación. - Diálogos grupais. - Revisión final de cada equipo sobre o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración final de cada equipo sobre o seu funcionamento.

OUTROS ÍTEMS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN POR CCBB

<p>MÍNIMOS ESIXIBLES DA UDI (APRENDIZAXES BÁSICAS A ADQUIRIR)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manexa as diferentes fontes de información. - Asume as responsabilidades que conleva o rol de encargado de material. - Exprésase oralmente de forma axeitada e respectando as normas nos diálogos grupais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Produce textos axeitados ó seu nivel con fluidez comunicativa. - Aprecia o feito histórico - Identifica a prehistoria e algúns dos seus rasgos. - Aporta ideas creativas na produción e creación de textos sobre a prehistoria.
<p>CRITERIOS PARA ESTABLECER A CUALIFICACIÓN (%)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo en equipo 20% - Proba oral 20% - Traballo persoal 20% - Participación.....20% - Aporta información....10% - Valora e respecta o traballo dos compañeiros...10% 	
<p>COÑECEMENTO DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PARTE DO ALUMNANDO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento dos ítems da avaliación a partir da rúbrica. - Coñecemento dos mínimos esixibles. - O alumnado coñece que aspectos serán avaliados e os criterios de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado coñecerá os aspectos que se valorarán no traballo por equipos cooperativos e eles mesmos levarán a cabo a súa propia avaliación. - Coñecen que haberá unha posta en común ao final do proceso e unha proba de avaliación xeral oral ou escrita sobre o tema investigado.
<p>OUTROS ASPECTOS A INCLUIR:</p>	

5. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS/RECURSOS DO ENTORNO

<p>PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Divulgación - Instrumentos para facilitar a colaboración - Información do proceso da UDI/ e explicitación da súa participación. 	<ul style="list-style-type: none"> - As familias participaron colaborando e axudando aos seus fillos nas súas tarefas de información e investigaciónin que dunha forma individual completaban nas súas casa para aportar aos equipos respectivos, no centro.
<p>DIVULGACIÓN DO RESULTADO DA TAREFA.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consecuencias - Circulares - Edición na páxina web do centro. - Presentacións - Publicación no xornal do centro educativo - Xornada de portas abertas 	
<p>PARTICIPACIÓN/COLABORACIÓN DE RECURSOS EXTERNOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recursos do entorno - Charlas de expertos - Apertura do centro ó entorno 	<ul style="list-style-type: none"> - Personal do concello a través da Biblioteca Pública Municipal. - Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro.

6. AVALIACIÓN DO PROCESO E DA PRÁCTICA DOCENTE RESULTADOS.

<p>RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA PROPIA UDI:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grado de consecución de obxectivos - Temporalización - Recursos - Etc... 	<p>Terase en conta a avaliación final, o desenvolvemento das propostas, a propia “sesión de portas abertas”, e os datos recollidos na “MEMORIA FINAL” de aula, ciclos e dos Plans de Formación Permanente do Profesorado (COMBAS e PROXECTOS DE CENTRO).</p> <p>A temporalización e os recursos foron suficientes e axeitados, ao tratarse dun tema de investigación do que existe moita información de todo tipo e soportes varios.</p>
<p>REFLEXIÓNS:</p>	<p>Ao longo do proceso realizátonse as modificacións pertinentes en relación a aspectos como a temporalización, as actividades seleccionadas, contidos, procedementos, traballo en equipo, indicadores, organización dos equipos de traballo...</p>
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>	<p>Na UDI quizais está demasiado presente o labor directivo do mestre en detrimento da autonomía do alumnado.</p>
<p>PRACTICIDADE / POSIBILIDADE DE SER POSTA EN PRÁCTICA POR OUTROS PROFESIONAIS:</p>	<p>A UDI serve para ser posta en práctica por calquera profesional de centro xa que o documento de programación está coherentemente avaliado.</p>
<p>OUTROS: O produto final é un mural exposto na aula de sexto que recolle tódolos traballos de investigación sobre a “Prehistoria en Galicia” realizados polo alumnado en equipos cooperativos.</p>	<p>Esta UDI completa un proxecto de centro artellada nun traballo en equipo.</p>